

INFORMACIÓN

Alumnos de Intercambios - Fac. CC. Comunicación

Curso 2012-13

A información e os trámites que aquí se recollen son os que máis directamente afectan a esta Facultade. Os alumnos de intercambios deben realizar outros trámites que non aparecen aquí especificados porque non teñen esa vinculación tan directa con esta Facultade (documentos que os alumnos deben cubrir como o “certificado de chegada”, o de “fin de presenza”, ...)

Esta é a ligazón onde podedes atopar toda a normativa que vos afecta:

http://www.usc.es/es/gobierno/vrrelins/portal_internacional/index.jsp

Como se elaboran os ACORDOS ACADÉMICOS:

- 1.- Os coordinadores académicos e os alumnos elaboran conxuntamente os seus Compromisos de Estudos e llos entregan ao Responsable da Unidade.
- 2.- O Responsable de Unidade os revisa:
 - mira que non conteñan máis de 60 créditos ou 30 se se trata dun cuadrimestre
 - mira que leven as sinaturas correspondentes ..., e os remite á Oficina de Relacións Exteriores (ORE).Na Facultade só temos que tramitar os acordos académicos, as *applications forms*, as solicitudes de residencias ou calquera outro documento que teñan que xestionar os alumnos coa Universidade de destino téñeno que xestionar os propios alumnos coa SRE.

Como se MATRÍCULAN os alumnos de intercambios:

- 1.- Os alumnos terán que matricularse:
 - * das materias que figuren no seu acordo académico
 - * adicionalmente, os alumnos poderán matricularse de ata 20 créditos que non figuren no seu acordo académico en:
 - materias que figuren suspensas no seu expediente, e
 - materias que non figuren suspensas e que non poidan ser incluídas no acordo académico.
- 2.- Os alumnos teñen que matricularse na USC dentro dos prazos establecidos e terán as limitacións que se establezan nas Normas de Xestión Académica.
- 3.- Os alumnos de intercambio deben ter en conta que os seus Plans de Estudos na USC establecen que deben cursar 30 ou 36 créditos optativos (en Comunicación Audiovisual e Xornalismo respectivamente) ao longo de todo o seu Grao, incluídos os que leven no compromiso de estudos.
- 4.- No caso de que a aplicación informática de matrícula non deixara matricularse dos créditos optativos que non teñan equivalencia cunha materia concreta na USC ou de calquera outra materia, os alumnos deberán dirixirse á Xefa da Subdivisión de Matrícula da UXA Norte, María Dolores Ferrer, no seguinte enderezo electrónico: mdolores.ferrer@usc.es.

Como se MODIFICAN OS ACORDOS ACADÉMICOS:

- 1.- O procedemento que se debe seguir é o mesmo que o de elaboración do acordo inicial, é dicir, facer un acordo de estudos co coordinador da Universidade de Santiago, remitilo ao Responsable da Unidade, revisalo, mandalo á SRE
- 2.- Os alumnos poden facer cambios nos seus acordos académicos durante **o primeiro mes** da súa estadía na Universidade de destino. Tamén é posible durante **o primeiro mes** de clases do segundo cuadrimestre, sempre é cando afecte a materias pertencentes a ese cuadrimestre.
- 3.- Unha vez aprobada a modificación no acordo académico os alumnos dispoñen dun **prazo de 10 días para matricularse na USC** nos cambios que fixeran nos seus acordos.

PROCEDEMENTO:

- a) contactar co coordinador de intercambios na USC, por teléfono ou por correo electrónico, para transmitirle as intencións de cambios e chegar a un acordo “previo”.
- b) cubrir o impreso de cambios do acordo académico que figura na páxina web da Facultade, dentro desta mesma Sección adicada ao alumnado de intercambio.
- c) Unha vez cuberto e **asinado**, envialo por fax ao número 881816576 ou por correo electrónico ao coordinador de intercambios.

Este impreso **ten que ser cuberto a ordenador** (deste xeito será máis sinxela a comprensión dos nomes das materias que se cursan e as equivalencias que se establecen entre as materias da USC e as da Universidade de destino).

- d) Unha vez autorizados e tramitados os cambios hai que modificar, se procede, a matrícula na USC.

CONVOCATORIAS DE EXAMES:

- 1.- Os alumnos rexeranse polo réxime de convocatorias da Universidade de destino
- 2.- Os alumnos, sempre que se siga o procedemento que se menciona a continuación, poderán presentarse na USC á **convocatoria de xullo** naquelas materias que non superaron na Univ. de destino, e que figuren no acordo académico con algunha materia equivalente na Universidade de Santiago.

PROCEDEMENTO: Os alumnos deberán comunicar ao coordinador de intercambios as materias das que se queren examinar, e éste deberá informar aos profesores responsables da materias. Os coordinadores e o responsable da Unidade deberán comunicar á UXA a relación de alumnos e materias.

Que se debe facer cando FINALIZA A ESTADÍA

- 1.- A Universidade de destino ten que remitir unha certificación académica á USC (ás veces remiten estas certificacións ao SRE, outras aos coordinadores e outras llas entregan aos propios estudantes que estiveron de intercambio). Con independencia disto, os estudantes poden solicitar na Univ. de destino unha certificación académica dos estudos realizados nela.
- 2.- Cando o coordinador académico ten a certificación académica **ORIXINAL** da Univ. de destino ten que facer a proposta de recoñecemento de estudos, onde conste as materias para as que se propón o recoñecemento, os créditos e as cualificacións.
- 3.- O Decano emite a Resolución de Recoñecemento de Estudos.
- 4.- Remíteselle esta Resolución á UXA, ao SRE e ao alumno.

TELÉFONOS E ENDEREZOS ELECTRÓNICOS DE CONTACTO:

NOME	CARGO	TELEFONO	E-MAIL
Marta Pérez Pereiro	Responsable Académica de Mobilidade na Facultade Coordinadora SICUE-Com.Aud. Coordinadora Conv. Bilaterais	881816503	marta.perez.pereiro@usc.es
Berta García Orosa	Coordinadora SICUE-Xornalismo	881816524	berta.garcia@usc.es
Luis Carral López	Responsable da Unidade	881816503	joseluis.carral@si.usc.es